

Recomendación dirixida á Consellería de Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que por parte da mesma se poñan en marcha os procedementos necesarios para dotar dun Plan de Autoprotección, debidamente rexistrado, a tódolos centros docentes obrigados, se manteñan actualizados e se realicen os simulacros previstos así como a formación necesaria para que, en caso de emerxencia ou sinistro, se poida actuar con rapidez e eficacia

Expediente: V.9.Q/5666/18

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Estimada sra conselleira.:

Como vostede sabe, dende esta institución iniciouse unha investigación de oficio sobre os plans de autoprotección nos centros de ensino da nosa Comunidade

Con esta finalidade dirixímonos ao anterior titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con data 19-06-2018 solicitándolle información sobre os centros docentes que están suxeitos a esta obriga e aqueles que efectivamente efectuaron o rexistro dos plans de auto protección, tal como se regula no Decreto 17/2010, de 1 de outubro, sobre Plans de Autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na mesma data dirixímonos á Dirección Xeral de Emerxencias solicitando información

Polo Real Decreto 393/2007 apróbase a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicadas a actividades que podan dar orixe a situacións de emerxencia

Na nosa comunidade, o Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre Plans de Autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, fixa as condicións de aplicación da Norma Básica de Autoprotección, determinando o Catálogo de Actividades, centros, establecementos e dependencias obrigadas a realizar plans de autoprotección (PAU). No artigo 5 establece o Rexistro de Plans de Autoprotección.

Este rexistro, coñecido como REGAPE, creado pola Orde do 27 e febreiro de 2012, ten como finalidade o establecemento dunha base de datos sobre o contido dos PAU, ao cal poderán acceder os servizos de emerxencias da Comunidade Autónoma para facilitar e optimizar as posibles intervencións en caso de sinistro.

A inscrición neste rexistro é obrigatoria para tódolos centros, establecementos e instalacións dedicadas ás actividades que se determinan no Catálogo de Actividades, recollido no Anexo I do Decreto 171/2010, do 1 de outubro. Tamén poderanse inscribir no rexistro con carácter voluntario os non incluídos no devandito Catálogo.

No Anexo I apartado 2. Actividades sen regulamentación sectorial específica, na súa letra e, Centros docentes, enténdese como centro docente *“todo aquel descrito no artigo 40.1º da Lei 5/2007, de 5 de maio, de emerxencias de Galicia”, “establecementos de uso docente especificamente destinados a persoas discapacitadas físicas ou psíquicas ou a outras persoas que non podan realizar unha evacuación polos seus propios medios”, ou “calquera outro establecemento de uso docente sempre que dispoña dunha altura de evacuación igual ou superior a 28 metros ou dunha ocupación igual ou superior a 1.000 persoas”*

En función do anteriormente disposto na comunidade autónoma de Galicia, unicamente teñen o deber xenérico de dispor dun plan de auto protección os seguintes centros:

PROVINCIA	CONCELLO	CENTRO	
A Coruña	Arteixo	CEIP Ponte dos Brozos	
	Betanzos	CEIP Francisco Vales Villamarín	
	A Coruña		CEE Nosa Señora do Rosario
			CEE María Mariño
			CIFP Someso
			CIFP Ánxel Casal-Monte Alto
			IES Plurilingüe Eusebio da Guarda

		IES Fernando Wirtz Suárez
	Ferrol	CEE Terra de Ferrol
	Santiago de Compostela	CEE Manuel López Navalón
		CEE A Barcia
		CEE O Pedroso
		IES Plurilingüe Rosalía de Castro
Lugo	Lugo	CEE Santa María
	Monforte de Lemos	CEE Infanta Elena
Ourense	Ourense	CEE Miño
		CEE O Pino
Pontevedra	Cangas	IES de Rodeira
	Pontevedra	IES Sánchez Cantón
		IES Frei Martín Sarmiento
	Nigrán	CEE de Panxón
	Vigo	IES Politécnico de Vigo
		CEE Saladino Cortizo
		CIFP Manuel Antonio
		IES Ricardo Mella
		IES de Teis
		EPAPU Barbés
Vilagarcía de Arousa	CEE de Vilagarcía de Arousa	
	IES Armando Cotarelo Valledor	

De acordo coa Orde de 27 de febreiro de 2012, polo que se crea o Rexistro electrónico de Plans de Auto Protección na nosa comunidade autónoma e se regula o seu procedemento, cabe indicar que para poder constar no REGAPE como “centro verificado” (situación na que consta como oficialmente rexistrado), tódolos centros docentes ou establecementos de uso docente, obrigados ou con carácter voluntario teñen que:

- Subir ó seu PAU á Plataforma
- Cumprimentar o formulario de rexistro

- Aportar o certificado de implantación e o pago de taxas (ou escrito de exención)

Mentres non aporten a certificación e ata que se reciba aparecen como “centros pendentes de certificación”.

Pola información remitida na tramitación desta queixa de oficio dedúcese que dos centros que teñen a obriga de dispor dun PAU só están rexistrados ou dispoñen do plan os seguintes:

PROVINCIA	CONCELLO	CENTRO	DATA REXISTRO REGAPE
A Coruña	A Coruña	CEE María Mariño	28-06-2013
		CIFP Someso	2012 (*) Fallo informático
		CIFP Ánxel Casal-Monte Alto	04-08-2013
	Ferrol	CEE Terra de Ferrol	27-11-2017
	Santiago de Compostela	CEE Manuel López Navalón	14-10-2014
		CEE A Barcia	28-06-2013
		IES Plurilingüe Rosaiía de Castro	04-11-2013
Pontevedra	Cangas	IES de Rodeira	27-05-2015
	Vigo	IES Ricardo Mella	09-05-2017

É dicir, só 9 centros dos 29 obrigados dispoñen de PAU e figuran como centro verificado.

Existen 4 centros que iniciaron o procedemento de rexistro pero non o completaron:

PROVINCIA	CONCELLO	CENTRO	INFORMACIÓN REGAPE
A Coruña	Betanzos	CEIP Francisco Vales Villamarín	Solo teñen solicitado o usuario
	A Coruña	CEE Nosa Señora do Rosario	Solo teñen solicitado o usuario
Ourense	Ourense	CEE O Pino	Solo teñen creado o Titular
Pontevedra	Vigo	CIFP Manuel Antonio	Falta certificado de implantación. Reclamado o 04/07/2013, o 05/07/2013, o 03/12/2013 e o 07/12/2017

Existen 16 centros dos que na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior non se dispon de ningún dato:

PROVINCIA	CONCELLO	CENTRO	REXISTRO REGAPE
A Coruña	Arteixo	CEIP Ponte dos Brozos	Sen datos
	A Coruña	IES Plurilingüe Eusebio da Garda	Sen datos
		IES Fernando Wirtz Suárez	Sen datos
	Santiago de Compostela	CEE O Pedroso	Sen datos
Lugo	Lugo	CEE Santa María	Sen datos
	Monforte de Lemos	CEE Infanta Elena	Sen datos
Ourense	Ourense	CEE Miño	Sen datos
	Pontevedra	IES Sánchez Cantón	Sen datos

		IES Frei Martín Sarmiento	Sen datos
	Nigrán	CEE de Panxón	Sen datos
	Vigo	IES Politécnico de Vigo	Sen datos
		CEE Saladino Cortizo	Sen datos
		IES de Teis	Sen datos
		EPAPU Berbés	Sen datos
	Vilagarcía de Arousa	CEE de Vilagarcía de Arousa	Sen datos
		IES Armando Cotarelo Valledor	Sen datos

Dado que o artigo 3º do Decreto 171/2010, de 1 de outubro, dispón no seu apartado 2 que *“os titulares das actividades e dos centros e instalacións públicos e privados que se determinan no Catálogo de Actividades están obrigados a implantar, manter e revisar o plan de auto protección “*, é polo que , ante a realidade de que só 9 dos centros docentes obrigados teñen o PAU rexistrado, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da lei 6/1984, de 5 de xuño, do valedor do Pobo, facer chegar á Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional a seguinte recomendación:

Que por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional se poñan en marcha os procedementos necesarios para dotar dun PAU, debidamente rexistrado, a tódolos centros docentes obrigados, se manteñan actualizados e se realicen os simulacros previstos si como a formación necesaria para que en caso de emerxencia ou sinistro se poida actuar con rapidez e eficacia.

E a seguinte suxestión:

Que as xefaturas territoriais da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional adopten as medidas precisas para que as xefaturas de inspección educativa inclúan entre os aspectos que deben supervisar a conveniencia de contar cun Plan de Autoprotección naqueles centros educativos que non están legalmente obrigados pero que polas súas circunstancias de localización, accesos, proximidade de instalacións potencialmente perigosas, ou outras, fagan adecuada a implantación dun PAU

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da

aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo